

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 21 DE XUÑO DE 2019, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NO ART. 38 DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS

No Concello da Laracha (A Coruña) a vinte e un de xuño do ano dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnense na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

Sres Asistentes

ALCALDE-PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS/AS

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO
JESÚS SOUTO PENA
RAMIRO BELLO RECOUSO
JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA
PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO
MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY ADELINA
LISTE MONELOS CRISTINA CRISTINA
VIEITES CALVO
PABLO CAMBÓN BÉRTOA
BEGOÑA DOMÍNGUEZ PATIÑO
MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ CASTIÑEIRA
ALBA DOLORES TOBA FERREIRO
JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS
MARÍA PILAR NEIRA MARTÍNEZ
XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Manuel Martínez Varela.

Aberto este pola Presidencia, a continuación procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DE DATA 15 DE XUÑO DE 2019.-

Pola Presidencia, preguntase si existe algún reparo ou obxección que formular á Acta da sesión de constitución da Corporación e elección do Alcalde celebrada o 15 de xuño de 2019.

Non sendo formulada ningunha obxección, a Acta enténdese aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN,

E OS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES.-

A secretaria da conta, ao abeiro dos arts. 23, 24 e 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e arts. 74 e 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, da constitución dos seguintes grupos políticos da Corporación, os seus integrantes e portavoces (rexistro de entrada nº 3127 do 20/06/2019; nº 3061 do 17/06/2019; nº 3099 do 18/06/2019):

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE:

- **Integrantes:** María Palomi Rodríguez Castiñeira, Alba Dolores Toba Ferreiro, José Martínez Ageitos, María Pilar Neira Martínez
- **Portavoces:** Titular, María Palomi Rodríguez Castiñeira; Suplente 1º: calquera outro membro do grupo

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

- **Integrantes:** Xoán Manoel Sande Muñiz e Carolina Castiñeiras Brandón
- **Portavoces:** Titular, Xoán Manoel Sande Muñiz; Suplente 1ª, Carolina Castiñeiras Brandón.

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR :

- **Integrantes:** José Manuel López Varela, José Ramón Martínez Barbeito, Patricia María Bello Canedo, María del Rocío López Rey, Jesús Souto Pena, Ramiro Bello Recouso, José Alberto Blanco Veiga, Begoña Domínguez Patiño, Cristina Vieites Calvo, Adelina Liste Monelos e Pablo Cambón Bértoa
- **Portavoces:** Titular, José Ramón Martínez Barbeito; Suplente 1º Patricia María Bello Canedo, e Suplente 2ª María del Rocío López Rey

3.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

A secretaria da lectura á Resolución da Alcaldía 482 do 17 de xuño de 2019 , conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-

*Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 52, 53, 112 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes señores/as concelleiros/as:

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PABLO CAMBÓN BÉRTOA

BEGOÑA DOMÍNGUEZ PATIÑO

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no B.O.P.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dos nomeamentos sinalados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

4.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE AO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.-

A secretaria da lectura á Resolución da Alcaldía 483 do 17 de xuño de 2019, conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, arts. 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros e na orde que se determina:

PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE: JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO.

SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE: RAMIRO BELLO RECOUSO

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no B.O.P.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dos nomeamentos sinalados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

5.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

A secretaria da lectura á Resolución da Alcaldía 484 do 17 de xuño de 2019, conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Sendo preceptivo establecer por esta Alcaldía-Presidencia a periodicidade das sesións ordinarias a celebrar pola Xunta de Goberno Local, consonte dispón o art. 112.2 e 112.3 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Celebra-las sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local os xoves hábiles ás 14,00 horas.

SEGUNDO.- Poñer a presente Resolución en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno da Corporación na primeira sesión que celebren, para o seu coñecemento e efectos oportunos e ordear a súa publicación no B.O.P.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

6.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE ÁS ATRIBUCIÓN DELEGADAS EN FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

A secretaria da lectura á Resolución da Alcaldía 485 do 17 de xuño de 2019, conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

En uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos arts. 61 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1.986, do 28 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna como delegables a lexislación vixente:*

- *A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- *A adxudicación das proposicións presentadas polos licitadores en todas as contratacións e concesións atribuídas á Alcaldía, agás aquelas que teñan a consideración de contrato menor, e mesmo nos contratos privados cun importe superior aos 15.000,00 euros.*
- *O acordo de adquisición de bens e dereitos, así como de alleamento do patrimonio cando corresponda á Alcaldía, cuxo importe de licitación sexa igual ou superior a 15.000,00 euros.*
- *O outorgamento, denegación, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas coas licenzas urbanísticas e o outorgamento nunha única resolución para os supostos que esixan licenza urbanística ademais da licenza de actividade, segundo a Lei do Solo de Galicia 2/2016.*
- *A aprobación da autoliquidación do ICIO e das taxas por outorgamento de licenzas urbanísticas, e no seu caso de actividade, cando á Xunta de Goberno Local lle corresponda o seu outorgamento e ou denegación.*
- *O outorgamento ou denegación para aproveitamentos especiais do dominio público cando compra outorgalos ou denegalos simultaneamente ás licenzas urbanísticas, tales como: colocación de estadas, contedores de residuos da construción, cerramento de seguridade da obra, etc...*
- *O outorgamento, denegación e cambios de titularidade para utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público sinalados no art. 49 da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, naqueles casos en que sexa necesario obter simultaneamente tanto unha autorización para a entrada e saída de vehículos (vao) como unha licenza urbanística de primeira utilización á que se accede ou da que se saía.*
- *A solicitude de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico, sen prexuízo de que por razóns de urxencia a Alcaldía efectúe a solicitude dando conta á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre*
- *A concesión de subvencións, axudas e becas outorgadas polo Concello en réxime de concorrencia competitiva.*
- *Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía.*

SEGUNDO.- *Poderán avocarse en calquera momento as atribucións delegadas de acordo co art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.*

TERCEIRO.- Poñer en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que celebren a presente Resolución e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

7.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE AO NOMEAMENTO DE CONCELEIROS-DELEGADOS E ATRIBUCIÓNS CONFERIDAS.-

A secretaria da lectura á Resolución da Alcaldía 486 do 18 de xuño de 2019, conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43.5 b) e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos concelleiros que estime pertinente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Efectuar **delegacións especiais** nos señores concelleiros que a continuación se sinalan e relativas a áreas e servizos que seguidamente se determinan:

– **CONCELLERÍA DELEGADA DE PERSOAL, MEDIO AMBIENTE, SERVIZOS MUNICIPAIS, FEIRAS E MERCADOS:**

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

– **CONCELLERÍA DELEGADA DE PATRIMONIO, OBRAS E URBANISMO:**

JESÚS SOUTO PENA

– **CONCELLERÍA DELEGADA DE ENSINO, CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE, TURISMO E FESTAS**

PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO

– **CONCELLERÍA DELEGADA DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE, EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA:**

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

SEGUNDO.- De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do R.O.F., as citadas delegacións comprenderán a dirección interna dos servizos correspondentes e a xestión xeral dos asuntos con eles relacionados, con facultades de estudo, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre da presente Resolución para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

8.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE SINATURA.-

A secretaria da lectura á Resolución da alcaldía 493 do 18 de xuño de 2019, conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases

do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43.5 b) e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1.986, e sendo potestade do Alcalde efectuar as delegacións nos concelleiros que estime pertinente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Delegar a sinatura aos concelleiros José Ramón Martínez Barbeito, Jesús Souto Pena, María Patricia Bello Canedo e María del Rocío López Rey, de conformidade co sinalado no art. 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas, atribución que comprenderá unicamente a facultade de asinar en ausencia do Alcalde os certificados de empadramento, certificados de acordos ou informes que verifiquen a veracidade da sinatura dos técnicos municipais que os subscriban, os anuncios de contratación, comunicacións a organismos oficiais e comunicación aos veciños relativas a recordatorios de deberes legais ou de informacións municipais.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre da presente Resolución para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

9.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE Á DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN QUE ASISTIRÁ Á ALCALDÍA/XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.-

A secretaria da lectura á Resolución da Alcaldía 494 do 18 de xuño de 2019, conforme ao disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

O alcalde de conformidade co disposto no artigo 326 e no apartado 7 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público resolve:

PRIMEIRO .- Designar con carácter permanente os seguintes membros da Mesa de contratación que deberá asistirle como órgano de contratación ou á Xunta de Goberno Local , cando exerza competencias como órgano de contratación por delegación de alcaldía.

Os membros designados son:

-Presidente: Sr. Alcalde

Substitutos (por este orde): primeiro tenente de alcalde e segundo tenente de alcalde

-Vogais:

O secretario/a da Corporación ou quen lle substitúa

O interventor/a da Corporación ou quen lle substitúa

-Secretario: unha funcionaria de carreira da Corporación, Auxiliar Administrativa de Administración Xeral ou funcionario que o substitúa nos casos de ausencia do primeiro

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre da presente Resolución para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.-

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía referente á fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“É preceptivo establecer polo Pleno da Corporación a periodicidade das sesións ordinarias a celebrar, conforme dispón o art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

O art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos Concellos dos municipios cunha poboación entre 5001 habitantes e 20000 habitantes.

Polo anterior, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Celebra-las sesións Ordinarias do Pleno o **último venres** dos meses impares, isto é, os meses de

XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVEMBRO, ás 13,30 horas.

- *No suposto de que o día sinalado fose festivo, a sesión celebrárase o anterior día hábil á mesma hora.*
- *No suposto de que o Pleno motivadamente quixera cambiar a data e/ou hora dunha sesión ordinaria farao mediante acordo na anterior sesión ordinaria que se celebre”*

Di o concelleiro do BNG que van votar en contra polo horario fixado. Que cre que os plenos ordinarios deberían ser unha vez o mes do mesmo xeito que as Xuntas de Goberno Local son unha vez á semana. Cre que con ese horario non poderán os vecinos acudir ás sesións.

Intervén a concelleira socialista Palomi Rodríguez e di que non está dacordo co horario porque do mesmo xeito que o concelleiro do BNG, cre que non se lle da cabida á participación da veciñanza

Intervén o alcalde e di que van manter a proposta

O sr. alcalde somete a votación a proposta presentada, resultando que o Pleno da Corporación, **por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular** e seis (6) votos en contra dos concelleiros dos grupos políticos municipais do Bloque Nacionalista Galego (2) e dos Socialistas de Galicia-PSOE (4), **e en consecuencia coa maioría absoluta do número legal de membros**, aproba a proposta da Alcaldía-Presidencia referente á fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, transcrita anteriormente.

A favor: 11

En contra: 6

11.- PROPOSTA DE ALCALDÍA REFERENTE ÁS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS

A secretaria da lectura á proposta de alcaldía referente ás indemnizacións por asistencia a órganos colexiados que di:

“Visto o sinalado no artigo 75.3 da lei 7/1985:

3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo.

5. Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el "Boletín Oficial" de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial.

Visto o disposto no artigo 38 do RD 2568/1986 de 28 de novembro.

Visto que a práctica e a eficiencia fan recomendable a retribución das asistencias a órganos colexiados para aqueles concelleiros/as que non perciban dedicación exclusiva nin parcial.

PROPOÑO ao Pleno do concello de A Laracha a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as seguintes contías por asistencias a órganos colexiados para aqueles concelleiros e concelleiras que non perciban dedicación exclusiva ou parcial:

ÓRGANO	CONTÍA
Xunta de Goberno	120 €/sesión/concalleiro/a

Pleno	90 €/sesión/concelleiro/a
Comisións Informativas	75 €/sesión/presidente/a
Comisións Informativas	65 €/sesión/vogal
Consellos escolares	90 €/sesión/concelleiro/a

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio no BOP aos efectos da súa publicidade, así como no taboleiro de edictos do concello.

O Alcalde

Asd.: Jose Manuel López Varela

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Manuel Sande Muñiz para manifestar que van votar en contra porque non entende que as asistencias a Xunta de Goberno Local sexan superiores cas asistencias de Pleno Intervén a concelleira socialista María Palomi Rodríguez e manifesta que o seu grupo vaise abster.

O sr. alcalde somete a votación a proposta presentada, resultando que o Pleno da Corporación, por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular, catro (4) abstencións dos concelleiros/a do grupo municipal do PSdeG, PSOE e dous (2) votos en contra dos concelleiros/as do grupo político municipais do Bloque Nacionalista Galego e **en consecuencia coa maioría absoluta do número legal de membros**, aproba a proposta da Alcaldía-Presidencia referente á fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, transcrita anteriormente.

A favor: 11

En contra: 2

Abstencións: 4

12. PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE ÁS ATRIBUCIÓN DELEGADAS POLO PLENO A FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DA ALCALDÍA.-

A secretaria da lectura á proposta referente ás atribucións delegadas polo Pleno a favor da Xunta de Goberno Local e da Alcaldía que se transcribe de forma literal:

“O artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que o Pleno pode delegar o exercizo das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no apartado 2, párrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) y p).

Sendo necesario dotar da maior axilidade á tramitación dos expedientes administrativos, respectando en todo caso a lexislación vixente en cada momento, conforme ao art. 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións delegables que a lexislación vixente asigna ao Pleno da Corporación:

- O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.
- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

- Cando se trate de bens inmobles e non estean previstos no orzamento.
 - Os previstos no Orzamento cun valor superior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno.

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía as seguintes atribucións delegables que a lexislación vixente asigna ao Pleno da Corporación:

- As atribucións que como órgano de contratación correspondan ao Pleno, agás a adxudicación delegada na Xunta de Goberno Local, nas contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando a Alcaldía sexa o órgano de contratación de conformidade coa delegación efectuada polo Pleno, e dos que non estean previstos nos Orzamentos.

- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os actos administrativos adoptados pola Alcaldía en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia”.

Intervén o concelleiro Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinala que votarán en contra da proposta, porque están en contra de sacar atribucións ao Pleno xa que os Plenos teñen que exercer competencias plenas porque co debate enriquecécese as cuestións.

A concelleira socialista María Palomi Rodríguez manifesta que o grupo municipal do PSdeG, PSOE vaise abster

O sr. alcalde somete a votación a proposta presentada, resultando que o Pleno da Corporación, por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular, catro (4) abstencións dos concelleiros/a do grupo municipal do PSdeG, PSOE e dous (2) votos en contra dos concelleiros/as do grupo político municipais do Bloque Nacionalista Galego e **en consecuencia coa maioría absoluta do número legal de membros**, aproba a proposta da Alcaldía-Presidencia referente á delegación de atribucións do pleno na Xunta de Goberno Local e na alcaldía.

A favor: 11

En contra: 2

Abstencións: 4

13.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN QUE ASISTIRÁ AO PLENO/XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.-

A secretaria da lectura á proposta de alcaldía que se copia:

Por Decreto de alcaldía de 18 de xuño de 2019 acordei o seguinte:

Designar con carácter permanente os seguintes membros da Mesa de contratación que deberá asistirle como órgano de contratación ou á Xunta de Goberno Local , cando exerza competencias como órgano de contratación por delegación de alcaldía.

Os membros designados son:

-Presidente: Sr. Alcalde

Substitutos (por este orde): primeiro tenente de alcalde e segundo tenente de alcalde

-Vogais:

O secretario/a da Corporación ou quen lle substitúa

O interventor/a da Corporación ou quen lle substitúa

-Secretario: unha funcionaria de carreira da Corporación, Auxiliar Administrativa de Administración Xeral ou funcionario que o substitúa nos casos de ausencia do primeiro

Con base no anterior PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Designar con carácter permanente os mesmos membros da Mesa de contratación do

Decreto antes citado para cando o Pleno exerza competencias como órgano de contratación, ou á Xunta de Goberno Local, cando exerza competencias como órgano de contratación por delegación do Pleno.

SEGUNDO: Dar conta este nombramento no BOP

Non hai intervencións.

O sr. alcalde somete a votación a proposta presentada, resultando que o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e 6 abstencións do grupo municipal do PSdeG, PSOE e do grupo municipal do BNG e, en consecuencia coa maioría absoluta do número legal de membros, aproba á designación de membros da Mesa de Contratación Contratación que asistirá ao Pleno/Xunta de Goberno Local como órgano de contratación

14.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN E CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

A secretaria da lectura á proposta referente á creación e constitución das Comisións Informativas Permanentes e que se transcribe de forma literal:

“Á vista do contemplado nos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 38, 123 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e, os arts. 68 e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- * Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas
- * Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno

SEGUNDO.- Ditas Comisións estarán constituídas por membros de todos os grupos políticos integrantes da Corporación, proporcionalmente á súa representatividade no Concello, conforme ao preceptuado pola lexislación vixente e, por conseguinte, coa seguinte constitución:

- < Grupo político “Partido Popular”: 6 membros.
- < Grupo político dos Socialistas de Galicia-PSOE: 2 membros.
- < Grupo político do Bloque Nacionalista Galego: 1 membro.

TERCEIRO.- A Presidencia de ditas Comisións a ostenta o sr. Alcalde, podendo delegala, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

CUARTO.- As sesións destas Comisións celebraránse coa antelación suficiente e necesaria para informar os asuntos que vaian ser tratados polo Pleno Municipal nos seguintes días e horas:

- * Sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas: os luns anteriores ao día fixado para a sesión ordinaria do Pleno (venres dos meses impares -XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVIEMBRE-) ás 13,30 horas.
- * Sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno: os martes anteriores ao día fixado para a sesión ordinaria do Pleno (venres dos meses impares -XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVIEMBRE-) ás 13,30 horas”.

Non habendo intervencións, o sr. Alcalde somete a votación a proposta presentada, resultando que o Pleno da Corporación, **por unanimidade dos membros presentes, e en consecuencia, coa maioría absoluta do número legal de membros**, aproba a proposta da Alcaldía-Presidencia referente á creación e constitución das Comisións Informativas, transcrita anteriormente.

15.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.-

O secretario da conta da proposta da Alcaldía-Presidencia referente á designación de representantes da Corporación en órganos colexiados e que se transcribe de forma literal:

“De conformidade co disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en virtude do que debe procederse polo Pleno ao nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do mesmo, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados que se citan aos seguintes señores membros da Corporación:

- No Consello Escolar do C.E.I.P. de Caión: José Alberto Blanco Veiga
- No Consello Escolar do C.E.I.P. “Alfredo Brañas” de Paiosaco: Ramiro Bello Recouso.
- No Consello Escolar do C.E.I.P. “Otero Pedraio”: Patricia María Bello Canedo.
- No Consello Escolar do I.E.S. “Agra de Leborís” da Laracha: Patricia María Bello Canedo.
- Na E.U. de Cumiáns en Montemaior: Jesús Souto Pena.
- Na Rede Galega de Normalización Lingüística: Patricia María Bello Canedo
- Na Mesa Local de Comercio: José Ramón Martínez Barbeito e José Alberto Blanco Veiga
- No Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte: José Manuel López Varela como Alcalde
- Na Asociación de desenvolvemento da Comarca de Bergantiños A.D. Bergantiños: José Manuel López Varela como Alcalde
- No Comité de Irmandamento con Olonne sur Mer:
 - José Ramón Martínez Barbeito
 - Patricia María Bello Canedo
 - María del Rocío López Rey
 - Un/ha concelleiro/a elixido polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego
 - Un concelleiro elixido polo Grupo municipal do PSOE

-No Grupo Costa da Morte Asociación de Turismo: José Manuel López Varela – como Alcalde

SEGUNDO.- Notificar o nomeamento aos designados e aos órganos colexiados respectivos”.

Explica o Sr alcalde que existen mais órganos colexiados e que estes irán renovándose e as correspondentes propostas irán vindo ao Pleno.

O alcalde que respecto á asignación ós grupos políticos, esta consta xa nas Bases do orzamento municipal. Intervén o concelleiro do BNGe di que o seu grupo municipal vaise abster. Considera necesario que se regula a creación e funcionamento da Xunta de Portavoces. Pide que se lles manden con mais axilidade as actas da Xunta de Goberno Local.

Intervén a portavoz do grupo municipal do PSdeG, PSOE e di que o seu grupo considera que deben nomerarse representantes da Corporación. Que en todo caso vansen abster.

Sométese a votación a proposta de alcaldía resultando aprobada por once (11) votos a favor (do PP) e seis (6) abstencións do grupo municipal do PSOE e do grupo municipal do BNG

16.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE AO RECOÑECIMENTO DAS DEDICACIÓNS DE DIVERSOS CARGOS.-

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía referente ao recoñecemento da dedicacións exclusivas de diversos cargos, que textualmente di o seguinte:

“Esta Alcaldía-Presidencia, do mesmo xeito que ao inicio do anterior mandato, considera que existen motivos suficientes para que o Pleno recoñeza a **DEDICACIÓN EXCLUSIVA para os concelleiros/as encargado/as da dirección interna e a xestión de determinados servizos municipais** debido á súa complexidade e á grande cantidade de traballo que conlevan co fin de acadar o mellor funcionamento de todos os servizos municipais.

A Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, do 2 de abril de 1985, no seu art. 75, e o art.

13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.), aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán **RETRIBUCIÓNS** polo exercizo dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con **adicación parcial ou exclusiva**, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Esta Alcaldía propón ao Concello en Pleno á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para os seguintes cargos e para os concelleiros/as que ostentan delegacións específicas pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan:

- Alcalde-Presidente.

- Concellería delegada de Persoal, Medio Ambiente, Servizos Municipais, Feiras e Mercados
- Concellería delegada de Patrimonio, Obras e Urbanismo
- Concellería Delegada de Ensino, Cultura, Deportes, Xuventude, Turismo e Festas
- Concellería Delegada de Sanidade, Servizos Sociais, Igualdade, Emprego e Promoción Económica

SEGUNDO.- Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas (2) pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

- Alcalde-Presidente.....3482.92 euros mensuais
- Concellería delegada de Persoal, Medio Ambiente, Servizos Municipais, Feiras e Mercados.....2200.23 euros mensuais
- Concellería delegada de Patrimonio, Obras e Urbanismo.....2200.23 euros mensuais
- Concellería Delegada de Ensino, Cultura, Deportes, Xuventude, Turismo e Festas.....2200.23 euros mensuais
- Concellería Delegada de Sanidade, Servizos Sociais, Igualdade, Emprego e Promoción Económica...2200.23 euros mensuais

Os tenentes de alcalde terán dereito a percibir a diferenza entre as súas retribucións e as establecidas para a Alcaldía-Presidencia nos casos de substitución da Alcaldía nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, polos días nos que efectivamente o substitúan.

TERCEIRO.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao sr. Alcalde e aos concelleiros e as concelleiras que ostentan as delegacións específicas para as que se recoñece o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o día de hoxe, 21 de xuño de 2019, asumindo o Concello da Laracha o pago das cotas empresariais que correspondan”.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifesta que o número de dedicacións é discutible xa que son o máximo legal

Intervén o alcalde e contéstalle que está mais que xustificada a adicación plena dos concelleiros/as. Di que é necesario que as áreas estén atendidas e funcionando.

Intervén a concelleira voceira do PSdeG, PSOE e manifesta que o seu grupo entende que é un asunto político do goberno.

Sométese a votación a proposta por parte do alcalde resultando aprobada por 11 votos a favor do grupo municipal do PP, 4 abstencións do grupo municipal do PSdeG, PSOE e 2 votos en contra do grupo municipal do BNG.

17.- DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.-

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía referente á determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto nos artigos 22.2 i), 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en virtude dos que corresponde ao Pleno a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual ao comezo do mandato, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Manter os seguintes postos de traballo creados na Relación de Postos de Traballo do

Concello da Laracha (aprobada definitivamente polo Pleno o 25 de novembro de 2009) como reservados a persoal eventual coas características e retribucións sinaladas na mesma:

- *Código do posto: 00.00.00.02. Denominación: Coordinador de subvencións.*
- *Código do posto: 00.00.00.03. Denominación: Asesor Medios Comunicación.*

TERCEIRO.- *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial de la Provincia*

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifesta que o seu grupo votará en contra porque as funcións que desempeña a coordinadora de subvencións non se xustifican porque hai persoal do concello que desde o punto de vista de xestión pode desempeñalas, polo que o posto non está xustificado.

Non habendo mais intervencións o sr. alcalde somete a votación a proposta presentada, resultando que o Pleno da Corporación, por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular, dous (2) votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e catro (4) abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, e en consecuencia, coa maioría absoluta do número legal de membros, aproba a proposta da Alcaldía-Presidencia referente á determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, transcrita anteriormente.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as catroce horas e quince minutos da que estendo a presente acta no lugar e data indicados, do que eu, secretaria dou fe.

Vº e praxe

O alcalde

A secretaria